8º/ Aprobar para o exercicio económico 2024, ao abeiro do artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a asignación de dotación económica aos Grupos Políticos, que ten carácter de subvención, que queda fixada nunha contía total de 5.120,00 €, con cargo á aplicación presupostaria 912.48000.

Esta asignación distribúese en función dun compoñente fixo, idéntico para cada grupo, que ascende a 320,00€/grupo/ano, e outro variable a razón de 320,00 €/concelleiro/ano, en función do número de membros de cada un deles, quedando asignado como segue:

Grupo político	Nº Concelleiros	Parte fixa €	Parte variable €	Total asignación económica €
Veciños de Meaño	8	320,00 €	2.560,00 €	2.880,00 €
MI	3	320,00 €	960,00 €	1.280,00 €
Grupo mixto	2	320,00 €	640,00 €	960,00 €
TOTAL	13	960,00 €	4.160,00 €	5.120,00 €

9º/ Establécense, ao abeiro dos artigos 22 e 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, artigo 9 da Lei Xerla de Subvencións e 65 e seguintes do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, as seguintes subvencións nominativas:

ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA





Concello de Meaño

APLICACIÓN	BENEFICIARIO	OBXECTO E FINALIDADE	IMPORTE
231.48000	Asoc. Española de Loita conta o Cancro CIF G28197564	Atención psicosocial e prevención	350,00 €
231.48000	Fundación Amigos de Galicia CIF G15859911	Cobertura necesidades básicas a persoas en situación de carencia e/ou limitación de recursos económicos	250,00 €
231.48000	Banco de Alimentos Rías Baixas CIF 94074051	Cobertura necesidades básicas a persoas en situación de carencia e/ou limitación de recursos económicos	500,00 €
PROMOCIÓN CULTURAL			
334.480.01	Asoc. Cult Unión Musical de Meaño CIF G36143857	Director/conxunto musical-Fomento da cultura	12.000,00 €
PROMOCIÓN E FOMENTO DO DEPORTE			
341.480.01	Unión Dena CF CIF G36156305	Escola deportiva de fútbol- Fomento do deporte	10.00,00 €
341.480.02	Asoc. Deport. e CuturlaASMUBAL CIF G36535516	Escola deportiva de balonmán- Fomento do deporte	6.500,00 €
341.480.03	Asoc. Cultural e Deportiva GAM	Escola deportiva de tenis de mesa- Fomento do deporte	2.000,00 €

O convenio será o instrumento para canalizar estas subvencións.

10º Que se expoña ó público o expediente do Orzamento con toda a documentación que o integra, por un prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, para os efectos de exame e presentación de reclamacións; entendéndose definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo, de non formularse reclamacións contra o mesmo; remitíndose posteriormente ao correspondente Ministerio e á Consellería competente, coa publicación final do edicto do Orzamento, resumido por capítulos, co cadro de persoal aprobado e cargos con dedicación, segundo se establece na lexislación vixente.

11º Que se expoña ao público, dando cumprimento do artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a modificación puntual da Relación de Postos de Traballo por un prazo de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra para que, os interesados poidan consultar o expediente e formular as alegacións que xulguen oportunas; entendéndose definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo, de non formularse reclamacións contra o mesmo. A documentación sometida á exposición pública estará a dispor dos interesados na seguinte dirección web do Concello <https://concellodemeano.sedelectronica.gal/transparency/>.

3º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE MEAÑO. (EXP. 693/2023).-

O Sr. alcalde-presidente da conta da proposta Alcaldía, en relación con esta asunto, aos membros presentes da Corporación; sinalando, someramente, que segundo establece o





Concello de Meaño

artigo 232 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, na medida no que o permitan os recursos orzamentarios, os Concellos poderás subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire aos seus gastos xerais como ás actividades que realicen.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencions, no seu artigo 8, establece a necesidade de elaborar un plan estratéxico de subvencións, que introduza unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de financiamento, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións coas previsións de recursos dispoñibles.

Co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto Plan estratéxico de Subvencions do Concello de Meaño (2024-2027) procedeuse a realizar, mediante anuncios publicados o día 14-09-2023 na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital do Concello de Meaño, unha consulta pública polo prazo dun mes para que os cidadáns, organizacións e asociacións que así o considerasen puideran facer chegar as súas opinións.

Elaborado o Plan estratéxico de Subvencions do Concello de Meaño (2024-2027) e unha vez ditaminado favorablemente pola Comisión Especial de Contas e subsanado o erro contido no artigo 9

3 . DEPORTES	Escola deportiva de fútbol base	341.480.01	9.500,00 €	Nominativa-convenio
--------------	---------------------------------	------------	------------	---------------------

sendo o correcto

3 . DEPORTES	Escola deportiva de fútbol base	341.480.01	10.00,00 €	Nominativa-convenio
--------------	---------------------------------	------------	------------	---------------------

e na enumeración dos artigos a partir do artigo 12; esta Alcaldía proponlle ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

*“1º Aprobar o **“Plan estratéxico de Subvencions do Concello de Meaño (2024-2027)**”*

PREÁMBULO

Segundo establece o artigo 232 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, na medida no que o permitan os recursos orzamentarios, os Concellos poderás subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire aos seus gastos xerais como ás actividades que realicen.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencions, no seu artigo 8, establece a necesidade de elaborar un plan estratéxico de subvencións, que introduza unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de





Concello de Meaño

financiamento, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións coas previsións de recursos dispoñibles, con carácter previo ao seu nacemento e de forma plurianual

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, supón un paso máis no proceso de perfeccionamento e racionalización do sistema económico. Un dos principios que rexe a Lei é o da transparencia que, xunto coa gran variedade de instrumentos que se articulan na Lei, redonda de forma directa nun incremento dos niveis de eficacia e eficiencia na xestión do gasto público subvencional.

Neste sentido, una maior información acerca das subvencións fará posible eliminar as distorsions e interferencias que puidesen afectar o mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das distintas Administracións Públicas evitando calquera tipo de solapamiento.

O Plan Estratéxico de Subvencións terá carácter plurianual e aprobarase con carácter previo ao nacemento das subvencións, coa finalidade de adecuar as necesidades a cubrir mediante as subvencións cos recursos dispoñibles.

O Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, regula nos sus artigo 10 a 15 o contido dos Plans Estratéxicos de Subvencións no ámbito da administración xeral do Estado.

Así mesmo, o artigo 13 do citado RD prevé que: “Los planes estratégicos de subvenciones y sus actualizaciones deberán publicarse en el Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas”.

As bases de execución do orzamento do Concello de Meaño, na súa base XII, regula o Réxime xurídico e o Procedemento de concesión das axudas e subvencións que convoque e/ou conceda o Concello de Meaño.

O Plan Estratéxico de Subvencións ten carácter programático e non crea dereitos a eventuais beneficiarios das axudas, nen tampouco xera obrigas para a Entidade Local con respecto aos mesmos.

Por canto antecede, en cumprimento do previsto no artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, a Alcaldía do Concello de Meaño, no marco da competencia residual que lle atribúe o artigo 21.1.s) da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, aproba o seguinte Plan Estratéxico de Subvencións:

ARTIGO 1.AMBITO TEMPORAL DO PLAN ESTRATÉXICO

O establecemento de subvencións por este Concello durante o período 2024-2027 axustarase ao previsto no presente Plan estratéxico, sen perxuízo da posibilidade de establecer outras axudas non previstas no mesmo de conformidade co previsto no artigo 8 da Lei 38/2003, de de 17 de





Concello de Meaño

novembro, Xeral de Subvencións.

ARTIGO 2. CONSIGNACION ORZAMENTARIA DAS AXUDAS. CUMPRIMENTO OBXECTIVOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste Plan Estratéxico requirirá a inclusión das consignacións correspondentes nos Orzamentos municipais de cada ano e a aprobación das Ordenanzas que conteñan as bases reguladoras da súa concesión.

O establecemento de subvencións queda supeditado ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que as consignacións orzamentarias que se aproben e as bases reguladoras da súa concesión acomodaranse en cada momento a devanditos obxectivos.

ARTIGO 3. PRINCIPIOS XERAIS DO PLAN

Son principios xerais que rexen o presente plan:

- Publicidade, transparencia, concorrència, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

ARTIGO 4.DEREITOS E OBRIGAS

A aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións non xera dereito algún en favor dos potenciais beneficiarios, que non poderán esixir indemnización ou compensación algunha no caso de que o Plan non leve á práctica nos seus propios termos.

ARTIGO 5. BENEFICIARIOS

O Concello concederá subvencións a favor de persoas ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local, de acordo cos requisitos establecidos na ordenanza xeral de subvencións, nas bases de execución do respectivo orzamento e nas bases reguladoras das mesmas.

ARTIGO 6. AREAS DE ACTUACION SUBVENCIONS

O Concello establecerá anualmente subvencións nas seguintes áreas:

AREA 1. EDUCACION.

AREA 2. CULTURA.

AREA 3. DEPORTES.

AREA 4. OCUPACION DO TEMPO LIBRE.

AREA 5. PROMOCION DO ASOCIACIONISMO.

AREA 6. BENESTAR SOCIAL E COMUNITARIO.

ARTIGO 7. SUBVENCIONS EN MATERIA DE EDUCACION

a) En materia de **educación**, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, **as seguintes subvencións anuais** cos obxectivos que se sinalan:





Concello de Meaño

1) Actividades complementarias da educación: dirixidas a financiar os gastos correntes derivados de actos e actividades complementarios da educación e, en xeral, os gastos que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada.

2) Adquisición de material escolar para:

-Alumnos/as de educación infantil (2º Ciclo), primaria e educación especial

-Alumnos/as de educación secundaria obrigatoria, FP básica e educación especial

Dirixidas a menores de familias con dificultades socioeconómicas e tque eñen por finalidade última, apoiar ás unidades familiares que, por insuficiencia de recursos económicos, non poidan afrontar este gasto, de xeito que estas situacións non mingüen o dereito ao acceso á educación en condicións de igualdade dos menores.

b) Efectos pretendidos: acceso á educación en condicións de igualdade, mellora da calidade na educación e nas actividades complementarias da mesma.

c) Prazo de consecución: durante a vixencia do presente plan, mediante convocatorias anuais de axudas.

d) Plan de actuación: Anualmente aprobaranse as bases correspondentes a cada liña de axuda e a súa convocatoria.

e) Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, atendendo a dispoñibilidade orzamentaria, segundo o seguinte cadro:

area ESTRATÉXICA	Subvencion	Aplicación orzamentaria	Consignación anual prevista	Procedemento de concesión
1. EDUCACION	Actividades complementarias da educación	326.480.02	3.000,00 €	Concurrencia competiiva
1. EDUCACION	Adquisición de material escolar	231.48003 E 231.48004	3.000,00 € (231.48003) E 1.000,00 € (231.48004)	Concurrencia competiiva

ARTIGO 8.SUBVENCÍONS EN MATERIA DE CULTURA

a) En materia de cultura, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, **as seguintes subvencións anuais** cos obxectivos que se sinalan:

1) Cultura: dirixido a proxectos tendentes a:

- Fomento de actos folclóricos, festivais e semellantes e de calquera outra actividade relacionada coa formación e coa expresión artística ou semellantes.

- Actividades puntuais ou de carácter permanente no eido do cultura e formativo en tódalas





Concello de Meaño

vertentes: música, teatro, literatura, pintura, danza, encontros, obradoiros, cursos, audiovisuais, conferencias, xornadas ou semellantes.

-Actuacións dirixidas á realización das celebracións de festas etnográficas, tradicionais e de valor histórico, gastronómico e cultural: Entroido, maíos, S. Xoan, magosto, cabalgata de reis ou semellantes.

2) Inversións en Equipamentos culturais: investimentos en equipamento/ material inventariable para a actividade das asociacións tales como: mobiliario de oficina, ordenadores, equipos audio visuais, etc.

3) Dirección musical da banda Unión Musical de Meaño: para o financiamento dos gastos da dirección musical da Banda Unión Musical de Meaño.

b) Efectos pretendidos: promoción da cultura en todos os seus ámbitos e formas de expresión.

c) Prazo de consecución: durante a vixencia do presente plan, mediante convocatorias anuais de axudas.

d) Plan de actuación: Anualmente aprobaranse as bases correspondentes a cada liña de axuda e a súa convocatoria.

e) Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, atendendo a dispoñibilidade orzamentaria, segundo o seguinte cadro:

area ESTRATÉXICA	Subvención	Aplicación orzamentaria	Consignación anual prevista	Procedemento de concesión
2. CULTURA	Cultura	334.480.00	15.000,00 €	Concurrencia competitiva
2. CULTURA	Inversións en Equipamentos culturais	333.780.00	2.000,00 €	Concurrencia competitiva
2. CULTURA	dirección musical da banda Unión Musical de Meaño	334.480.01	12.000,00 €	nominativa-convenio

ARTIGO 9. SUBVENCIONES EN MATERIA DE DEPORTES

a) En materia de DEPORTES, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, as seguintes subvencións anuais cos obxectivos que se sinalan:

1) Deporte: dirixido a proxectos tendentes ao fomento da práctica deportiva e a participación en ligas e competicións oficiais

2) Inversións en instalacións deportivas e en equipamento/material inventariable para instalacións deportivas: Comprende o financiamento de gastos de:

- investimento destinados á mellora de instalacións deportivas propias dos clubs.





Concello de Meaño

- investimento en equipamento/ material inventariable para instalacións deportivas tales como máquinas deportivas, material de ximnasio, mobiliario deportivo, etc.

3) Escola deportiva de fútbol base: financiamento dos gastos correntes da mesma co fin de manter e seguir mellorando esta actividade, fomentando a práctica deportiva dos mais novos.

4) Escola deportiva de balonmán: financiamento dos gastos correntes da mesma co fin de manter e seguir mellorando esta actividade, fomentando a práctica deportiva dos mais novos.

5) Escola deportiva de tenis de mesa: financiamento dos gastos correntes da mesma co fin de manter e seguir mellorando esta actividade, fomentando a práctica deportiva dos mais novos.

b) Efectos pretendidos: fomento da práctica deportiva, en todos os seus ámbitos e niveis.

c) Prazo de consecución: durante a vixencia do presente plan, mediante convocatorias anuais de axudas.

d) Plan de actuación: Anualmente aprobaranse as bases correspondentes a cada liña de axuda e a súa convocatoria.

e) Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, atendendo a dispoñibilidade orzamentaria, segundo o seguinte cadro:

area ESTRATÉXICA	Subvencion	Aplicación orzamentaria	Consignación anual prevista	Procedemento de concesión
3 . DEPORTES	Deporte	341.480.00	15.500,00 €	Concurrencia competiiva
3 . DEPORTES.	Inversións en instalacións deportivas e en equipamento/material inventariable para instalacións deportivas	342.78000	3.000,00 €	Concurrencia competiiva
3 . DEPORTES	Escola deportiva de fútbol base	341.480.01	10.00,00 €	Nominativa-convenio
3 . DEPORTES	Escola deportiva de balonmán	341.480.02	6.500,00 €	Nominativa-convenio
3 . DEPORTES	Escola deportiva tenis de mesa	341.480.03	2.000,00 €	Nominativa-convenio

ARTIGO 10. SUBVENCIONS NO ÁMBITO DA OCUPACION DO TEMPO LIBRE

a) En materia de **OCUPACION DO TEMPO LIBRE**, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, **as seguintes subvencións anuais** cos obxectivos que se sinalan:

1)Ocio e tempo libre: dirixido a actividades de fomento da actividade física, deportiva, lúdicas e de lecer, incluídas excursións e viaxes que desenvolvan as asociacións de carácter lúdico, organización de eventos...





Concello de Meaño

2) **Festexos populares:** dirixida ao financiamento de festas, festexos, encontros veciñais ou verbenas populares,

b) **Efectos pretendidos:** ocupacion do tempo libre e de lecer dos veciños do Concello.

c) **Prazo de consecución:** durante a vixencia do presente plan, mediante convocatorias anuais de axudas.

d) **Plan de actuación:** Anualmente aprobaranse as bases correspondentes a cada liña de axuda e a súa convocatoria.

e) **Financiamento:** O financiamento levarase a cabo con fondos propios, atendendo a dispoñibilidade orzamentaria, segundo o seguinte cadro:

area ESTRATÉXICA	Subvencion	Aplicación orzamentaria	Consignación anual prevista	Procedemento de concesión
4 . OCUPACION DO TEMPO LIBRE	Ocio e tempo libre	337.480.00	5.500,00 €	Concurrencia competiiva
4 . OCUPACION DO TEMPO LIBRE	Festexos populares	337.480.00	2.500,00 €	Concurrencia competiiva

ARTIGO 11. SUBVENCIONS NO ÁMBITO DA PROMOCION DO ASOCIACIONISMO

a) En materia de **PROMOCION DO ASOCIACIONISMO**, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, **as seguintes subvencións anuais** cos obxectivos que se sinalan:

-**Promoción do asociacionismo do comercio minorista:** dirixido á promoción do comercio minorista do Concello de Meaño.

b) **Efectos pretendidos:** apoio ao comercio minorista do Concello no deseño e execución de actividades para a súa promoción.

c) **Prazo de consecución:** durante a vixencia do presente plan, mediante convocatorias anuais de axudas.

d) **Plan de actuación:** Anualmente aprobaranse as bases correspondentes a cada liña de axuda e a súa convocatoria.

e) **Financiamento:** O financiamento levarase a cabo con fondos propios, atendendo a dispoñibilidade orzamentaria, segundo o seguinte cadro:

area ESTRATÉXICA	Subvencion	Aplicación orzamentaria	Consignación anual prevista	Procedemento de concesión
5 .PROMOCION DO	Promoción do	431.48000	3.000,00 €	Concurrencia





Concello de Meaño

ASOCIACIONISMO	<i>asociacionismo do comercio minorista</i>			<i>competitiva</i>
----------------	---	--	--	--------------------

ARTIGO 12. SUBVENCIONS NO ÁMBITO DO BENESTAR SOCIAL E COMUNITARIO

a) En materia de **BENESTAR SOCIAL E COMUNITARIO**, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, **as seguintes subvencións anuais** cos obxectivos que se sinalan:

1) **Benestar comunitario:** Para actuacións e servizos cuxa finalidade sexa a mellora da calidade de vida en xeral, e de xeito especial o investimento nos cemiterios veciñais ou parroquiais.

2) **Recursos hidráulicos:** investimentos destinadas a captación, acumulación e canalizacións de recursos hidráulicas para distribución a vivendas ou fincas rústicas cando beneficien a capacidade produtiva da zona.

3) **Camiños veciñais:** investimentos relacionados coa mellora de camiños veciñais de acceso en núcleos ou a fincas rústicas cando beneficien a capacidade productiva da zona.

4) **Apoio á natalidade:** axudas por nacemento, tutela ou adopción de filla/o; coa finalidade de fomentar a natalidade no Concello de Meaño

5) **Cobertura de necesidades básicas de persoas en situación de carencia e/ou limitación de recursos económicos.**

b) **Efectos pretendidos:** fomento da natalidade mediante a mellora da calidade de vida e incremento dos servizos prestados aos veciños de Meaño.

c) **Prazo de consecución:** durante a vixencia do presente plan, mediante convocatorias anuais de axudas.

d) **Plan de actuación:** Anualmente aprobaranse as bases correspondentes a cada liña de axuda e a súa convocatoria.

e) **Financiamento:** O financiamento levarase a cabo con fondos propios, atendendo a dispoñibilidade orzamentaria, segundo o seguinte cadro:

area ESTRATÉXICA	Subvencion	Aplicación orzamentaria	Consignación anual prevista	Procedemento de concesión
6. BENESTAR SOCIAL E COMUNITARIO	Benestar comunitario	431.48000	3.000,00 €	Concurrencia competitiva
6. BENESTAR SOCIAL E COMUNITARIO	Recursos hidráulicos	452.780.00	2.000,00 €	Concurrencia competitiva
6. BENESTAR SOCIAL E COMUNITARIO	Camiños veciñais	454.780.00	4.000,00 €	Concurrencia competitiva
6. BENESTAR SOCIAL E COMUNITARIO	Apoio á natalidade	231.48002	5.000,00 €	Concurrencia competitiva
6. BENESTAR SOCIAL E COMUNITARIO	Emerxencia social			





Concello de Meaño

6. BENESTAR SOCIAL E COMUNITARIO	Cobertura de necesidades básicas	de	231.48000	750,00 €	nominativa-convenio
6. BENESTAR SOCIAL E COMUNITARIO	Atención Píscosocial prevención cancro	e do	231.48000	350,00 €	nominativa-convenio

ARTIGO 13. CONTROL DE CUMPRIMENTO DO PLAN E TRANSPARENCIA

A Alcaldía efectuará o control do cumprimento do presente Plan durante a súa vixencia.

Finalizado cada ano natural elaborárase unha memoria que recolla o grao de desenvolvemento do presente plan estratéxico con base nos seguintes indicadores:

- número de solicitudes formuladas para cada área de actuación.
- número de axudas concedidas en cada área.
- porcentaxe que supón o importe das axudas concedidas en relación co crédito orzamentario previsto.
- porcentaxe que supoñen os importes xustificadas en relación co importe das axudas concedidas.
- incidencias no desenvolvemento do Plan e medidas correctoras propostas.

Sobre a base de esta memoria e as dispoñibilidades orzamentarias anuais procederase a actuación anual do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello.

De conformidade co establecido no artigo 6.2 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, o presente plan será obxecto de publicación no Portal de Transparencia do Concello de Meaño.”

2º.- Publicalo no Portal de Transparencia do Concello de Meaño, habilitado na sede electrónica coa plataforma <<esPublico Gestiona>> accesible a través de Internet no enderezo <https://concellodemeano.sedelectronica.gal/transparency>.”

Despois dunha breve deliberación, sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, con cinco abstencións (da concelleira do BNG, do concelleiro do PP e da/dos concelleira/os do Grupo Municipal MI) e sete votos a favor (dos/das concelleiros/as do Grupo Municipal VEDM), aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, acorda:

1º/ Aprobar o Plan estratéxico de Subvencións do Concello de Meaño (2024-2027), nos termos recollidos na proposta e no corpo deste acordo.

2º/ Publicalo no Portal de Transparencia do Concello de Meaño, habilitado na sede electrónica coa plataforma <<esPublico Gestiona>> accesible a través de Internet no





Concello de Meaño

endereço <https://concellodemeano.sedelectronica.gal/transparency>.

4º.- APROBACIÓN INICIAL, SI PROCEDE, DA ORDENANZA XERAL DE SUBVENCÍONS DO CONCELLO DE MEAÑO. (EXP. 693/2023)

Tendo en conta a proposta formulada pola Alcaldía en relación con este asunto, cuxo tenor literal é o seguinte *“Segundo establece o artigo 232 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, na medida no que o permitan os recursos orzamentarios, os Concellos poderán subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire aos seus gastos xerais como ás actividades que realicen.*

Co obxectivo de regular o tratamento das subvencións nas Administracións Públicas, aprobouse a Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións, que establece no seu artigo 17.2 que “As bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións”.

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Meaño procedeuse a realizar, mediante anuncios publicados o día 14-09-2023 na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital do Concello de Meaño, unha consulta pública polo prazo dun mes para que os cidadáns, organizacións e asociacións que así o considerasen puideran facer chegar as súas opinións.

Elaborado o proxecto de Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Meaño, que foi ditaminado favorablemente pola Comisión Especial de Contas, esta Alcaldía proponlle ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Meaño.

2º. Someter, en cumprimento do artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 133.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, a Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Meaño co expediente a información pública e audiencia dos interesados, mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de anuncios que o Concello de Meaño ten habilitado na sede electrónica coa plataforma <<esPublico Gestiona>> accesible a través de Internet no endereço <https://concellodemeano.sedelectronica.gal> e na páxina Web do Concello de Meaño, por espazo de trinta días hábiles para que os interesados poidan presentarse reclamacións e /ou suxestións, que haberán de ser resoltas polo Pleno da Corporación. O





Concello de Meaño

expediente publicarase no Portal de transparencia habilitado na sede electrónica desta mesma plataforma no enderezo [hhttps://concellodemearno.sedelectronica.gal/transparency](https://concellodemearno.sedelectronica.gal/transparency).

De no presentarse reclamacións e/ou suxerencias en dito prazo, considerarase definitivamente aprobado.

3º. Unha vez aprobada definitivamente o texto íntegro da mesma publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Portal de transparencia habilitado na sede electrónica coa plataforma <<esPublico Gestiona>> accesible a través de Internet no enderezo [hhttps://concellodemearno.sedelectronica.gal/transparency](https://concellodemearno.sedelectronica.gal/transparency); entrando en vigor transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.”

Non producíndose intervencións e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, con cinco abstencións (da concelleira do BNG, do concelleiro do PP e da/dos concelleira/os do Grupo Municipal MI) e sete votos a favor (dos/das concelleiros/as do Grupo Municipal VEDM), aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, acorda:

1º.- Aprobar inicialmente a Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Meaño.

2º. Someter, en cumprimento do artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 133.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, a Ordenanza xeral reguladora das subvencións do Concello de Meaño co expediente a información pública e audiencia dos interesados, mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de anuncios que o Concello de Meaño ten habilitado na sede electrónica coa plataforma <<esPublico Gestiona>> accesible a través de Internet no enderezo [hhttps://concellodemearno.sedelectronica.gal](https://concellodemearno.sedelectronica.gal) e na páxina Web do Concello de Meaño, por espazo de trinta días hábiles para que os interesados poidan presentarse reclamacións e /ou suxestións, que haberán de ser resoltas polo Pleno da Corporación. O expediente publicarase no Portal de transparencia habilitado na sede electrónica desta mesma plataforma no enderezo [hhttps://concellodemearno.sedelectronica.gal/transparency](https://concellodemearno.sedelectronica.gal/transparency).

De no presentarse reclamacións e/ou suxerencias en dito prazo, considerarase definitivamente aprobado.

3º. Unha vez aprobada definitivamente o texto íntegro da mesma publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Portal de transparencia habilitado na sede electrónica coa plataforma <<esPublico Gestiona>> accesible a través de Internet no enderezo [hhttps://concellodemearno.sedelectronica.gal/transparency](https://concellodemearno.sedelectronica.gal/transparency); entrando en vigor transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

E non sendo outro o obxecto desta sesión, ás catorce horas e doce minutos dáse por rematada, estendéndose a presente acta que certifico, co visto e praxe do Sr. alcalde-





Concello de Meaño

presidente.

Así mesmo, CERTIFICO:

Que de conformidade co acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión de data 29 de decembro de 2019, e co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase como anexo a videoacta resultante da gravación desta sesión, garantíndose a súa autenticidade coa seguinte sinatura dixital:

Formato: VIDEO (WMV)
Nome arquivo: {CD54663B-F731-4575-BBFE-9B231C4F4FA5}.wmv

SHA512(Firma):
08c5c9d26fd444a5a6fa5725dc1efc6d587992b5d0d2942eed64794a9ad9249b028f39190
b254a4704324ba0d795e654893734d19ac4d617cba210b7114139dd

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

